

ANUNCIO

ASUNTO: APERTURA DO PRAZO PARA A PRÓRROGA DA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022

EXPEDIENTE: 5/2022

O día 12/01/2022 ditouse a seguinte resolución da Alcaldía núm. 2022-0003:

Asunto: APERTURA DO PRAZO PARA A PRÓRROGA DA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022

Expediente: 5/2022

ANTECEDENTES

1.No BOP núm. 64 do 04/04/2017 saíron publicadas as Bases para a formación de dúas bolsas de traballo para realizar contratacións laborais temporais como condutor operario e peón de obras e servizos municipais para o Concello de Moeche.

2.Na base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 15 de xaneiro ao 14 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo desde o **15/01/2022 ao 14/02/ 2022** para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

Segundo.- A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.

